



**INSTRUCCIÓN SFAF Nº 1/2017: Autorización de cursos non presenciais de aplicador/manipulador de produtos fitosanitarios no ano 2017 impartidos por entidades colaboradoras da Consellería do Medio Rural.**

A Orde conxunta do 14 de abril de 2009, das consellerías do Medio Rural e de Sanidade, pola que se regula a formación das persoas que realizan actividades relacionadas coa manipulación e aplicación de produtos fitosanitarios na Comunidade Autónoma de Galicia e se crea a Comisión Técnica de Produtos Fitosanitarios (DOG nº77, 22 de abril de 2009), indica nos seus artigos 5 e 6, que as entidades interesadas en impartir cursos de manipulador -aplicador de produtos fitosanitarios, deben estar inscritas no Rexistro de Entidades Colaboradoras da Consellería do Medio Rural en materia de capacitación agraria e transferencia tecnolóxica e solicitar a autorización de cada curso seguindo o procedemento indicado nos artigos 11º a 13º da orde da Consellería do Medio Rural do 17 de marzo de 2009.

*A Orde do 17 de marzo de 2009 pola que se ditan normas relativas á inscrición no rexistro de entidades colaboradoras da Consellería do Medio Rural para a realización de actividades de formación continua e transferencia de tecnoloxía en materia agraria e sobre o procedemento de homologación dos cursos realizados por estas entidades e a expedición de certificacións e diplomas oficiais por parte da Administración pública (DOG nº 60, 27 de marzo de 2009), nos artigos 5 e 6, indica cales son os requisitos e o procedemento a seguir para que unha entidade de formación poida obter a consideración de colaboradora nos programas de formación continua e transferencia tecnolóxica da Consellería do Medio Rural. No seu artigo 11, sinala o procedemento de homologación dos cursos de formación que impartan as entidades colaboradoras autorizadas.*

O Real Decreto 1311/2012, de 14 de setembro, polo que se establece o marco de actuación para conseguir un uso sostible dos produtos fitosanitarios (BOE nº 223, 15 de setembro de 2012), no artigo 19.1.c) establece que o órgano competente da Comunidade Autónoma poderá habilitar un sistema de formación non presencial vía Internet, que permita adquirir os coñecementos requiridos, especialmente para a formación de nivel básico, así mesmo, para a actualización dos coñecementos sobre normativa para tódolos niveis e tipos de formación establecidos no artigo 18 do Real Decreto.

Tendo en conta a disposición derradeira primeira da orde conxunta do 14 de abril de 2009, das consellerías do Medio Rural e de Sanidade, a actual estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural aprobada polo Decreto 166/2015, e o *Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia*, a Dirección Xeral de Ordenación Forestal está autorizada para ditar as instrucións necesarias que permitan a aplicación e desenvolvemento da Orde conxunta do 14 de abril de 2009, das consellerías do Medio Rural e de Sanidade.



Esta instrución indica o procedemento que deben seguir as entidades inscritas no Rexistro de entidades colaboradoras da Consellería do Medio Rural para poder impartir no ano 2017 os cursos de aplicador/manipulador de produtos fitosanitarios na modalidade non presencial, para os niveis básico e cualificado e tamén para o curso ponte entre o nivel básico e o cualificado, así como para os cursos de renovación de coñecementos.

#### OBXETO DA INSTRUCIÓN:

Esta instrución ten por obxecto regular o funcionamento do sistema de formación non presencial dos cursos de capacitación para a obtención do carné de manipulador/aplicador de produtos fitosanitarios, así como o procedemento de homologación que deben seguir as entidades que figuran inscritas no rexistro de entidades colaboradoras da Consellería do Medio Rural que desexen impartir os cursos nesta modalidade, seguindo as directrices marcadas no sistema harmonizado de formación dos usuarios profesionais de produtos fitosanitarios aprobado polo Comité Fitosanitario Nacional.

#### NIVEIS DE CAPACITACIÓN QUE SE PODEN ACADAR COS CURSO DE CAPACITACIÓN NON PRESENCIAIS:

1. Nivel básico: O persoal auxiliar de tratamentos terrestres e aéreos, pertencente ou non a empresas ou entidades de tratamentos, incluídas as entidades produtoras de sementes tratadas e as que realizan tratamentos post -colleita, así coma os agricultores que os realizan na propia explotación sen empregar persoal auxiliar, utilizando produtos fitosanitarios que non sexan nin xeren gases tóxicos, moi tóxicos ou mortais.
2. Nivel cualificado: O persoal responsable do cálculo da dosificación, preparación, mestura e/ou aplicación dos tratamentos terrestres, sendo persoas físicas que realicen tratamentos a terceiros, ou que pertencen a empresas de tratamentos, incluídas as entidades produtoras de sementes tratadas e as que realizan tratamentos post -colleita; e os agricultores que realicen tratamentos na propia explotación empregando persoal auxiliar. En ningún caso este nivel habilitará para o uso de produtos fitosanitarios que sexan ou xeren gases tóxicos, moi tóxicos ou mortais.

#### SISTEMAS DE FORMACIÓN AUTORIZADOS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA GALEGA:

Dentro das modalidades que se recollen no “Documento para a harmonización dos sistemas de formación dos usuarios profesionais de produtos fitosanitarios” publicado polo Ministerio de Agricultura y Pesca, Alimentación y Medio Ambiente (MAPAMA), na Comunidade Autónoma de Galicia no ano 2017 poderán autorizarse cursos que se impartan de acordo cos seguintes sistemas de formación:

- a) Sistema de formación presencial: Tódalas entidades de formación poderán impartir este sistema presencial para tódolos niveis de capacitación.



b) Sistema de formación non presencial vía Internet: As entidades de formación poderán ofrecer un sistema de formación non presencial vía Internet, que permita adquirir os coñecementos requiridos para a formación inicial de nivel básico e cualificado, así como para a actualización ou complementación dos coñecementos para todos os niveis de formación establecidos no artigo 18 do Real Decreto 1311/2012.

Para poder impartir formación en calquera destes sistemas é preciso a previa aprobación por parte da dirección xeral de Ordenación Forestal. Nesta instrución indícase o procedemento a seguir no caso dos cursos non presenciais.

En calquera dos sistemas, as entidades poderán solicitar autorización para impartir un curso ponte que permita obter o nivel cualificado para aqueles usuarios profesionais que contan co nivel básico.

#### ESTRUTURA DOS CURSOS NON PRESENCIAIS VÍA INTERNET

A formación non presencial vía Internet unicamente será aplicable aos contidos teóricos dos cursos. A formación práctica que se desenvolva, tanto en aula como en campo, se impartirá sempre de forma presencial. O número de horas de prácticas presenciais que debe conter cada curso será o seguinte:

	Nº horas prácticas en aula	Nº horas prácticas de campo
Nivel básico	6 horas	3 horas
Nivel cualificado	10 horas	8 horas
Curso ponte entre o nivel básico e o cualificado	6 horas	4 horas

Os programas para o curso básico e presencial, coas horas de teoría e práctica que corresponden a cada materia, as titulacións que habilitan aos docentes a impartir cada unha das materias, así como os medios precisos para desenvolver cada tema, serán os establecidos no anexo II do “Documento para a harmonización dos sistemas de formación dos usuarios profesionais de produtos fitosanitarios” publicado polo MAPAMA.

O programa do curso ponte entre o nivel básico e o cualificado será o establecido no anexo I desta instrución, elaborado tendo en conta o establecido no citado “Documento para a harmonización dos sistemas de formación dos usuarios profesionais de produtos fitosanitarios”.



Na parte presencial dos cursos o número de persoas asistentes non poderá superar os 30 alumnos/as.

Será necesario asistir, como mínimo ao 80% das horas lectivas para considerar superado o curso, sendo obrigatorio asistir á totalidade da práctica de campo.

#### SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA IMPARTIR CURSOS NON PRESENCIAIS EN 2017

1. O prazo de presentación da solicitude para impartir cursos de manipulador/aplicador de produtos fitosanitarios na modalidade non presencial estará aberto todo o ano.
2. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, modelo MR203A, <https://sede.xunta.gal/>. Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).
3. Xunto á solicitude, as entidades colaboradoras, deberá presentar a seguinte documentación:
  - a. Poder de representación do asinante da solicitude.
  - b. Calendario das accións formativas que levarán a cabo en 2017, indicando o número de edicións previstas e o trimestre do ano en que terán lugar.
  - c. Cadro de profesorado, acompañado de fotocopia compulsada do título académico, *curriculum vitae* e relación das materias que vai impartir cada docente. As entidades de formación deberán contar con persoal docente cualificado para impartir as materias de formación incluídas en cada nivel, conforme o artigo 18 e o anexo IV do Real Decreto 1311/2012, de 14 de setembro. No anexo II do “Documento para a harmonización dos sistemas de formación dos usuarios profesionais de produtos fitosanitarios”, indícanse as titulacións que debe ter o profesorado para impartir cada unha das materias dos programas dos cursos.
  - d. Copia cotexada da póliza de seguros de responsabilidade civil referente ás instalacións onde se realizarán as actividades e da póliza do seguro de accidentes e responsabilidade civil que cubra a totalidade do persoal docente e alumnado ou, no seu defecto, o compromiso de achegalo con anterioridade ao comezo da actividade lectiva.
  - e. Memoria do curso de teleformación que deberá conter:
    - Plan de formación detallado e específico para o sistema de formación non presencial, no que se desenvolvan as materias requiridas para cada nivel. Debe incluír unha descrición do sistema de formación que permita verificar a actividade impartida ao alumno e que garante que sexa seguro, eficaz e certificable.



- Unha descrición de como e cales serán as ferramentas que lles proporcionarán aos alumnos co fin de fomentar a interactividade e retroalimentación do proceso. Ditas ferramentas deben obligar a que os alumnos se impliquen activamente na aprendizaxe, para elo utilizaran diferentes formatos multimedia á hora de expoñer os contidos do curso: páxinas web con esquemas, gráficos, audios, animacións, enlaces de interese, etc.
  - Deben informar de como incluírán na plataforma a actividade dos “foros” e como controlarán a participación obrigatoria dos alumnos nos mesmos. A actividade no foro deberá ser promovida e coordinada polo profesor ou coordinador de cada curso. A través destes foros de discusión, os alumnos poderán consultar as súas achegas, as dos seus compañeiros e docentes en cada un dos grupos de discusión creados, aparecendo as mensaxes enviadas organizadas para a súa rápida localización.
  - Deben facilitar o nome de usuario e contrasinal coa que a persoa encargada da comprobación, poida acceder á plataforma de teleformación ou virtual de aprendizaxe.
- f. Documento no que a entidade acredite que dispón de medios e instalacións suficientes para impartir as prácticas de aula e campo (tendo en conta o sinalado no cadro no anexo II do “Documento para a harmonización dos sistemas de formación dos usuarios profesionais de produtos fitosanitarios”, para cada nivel):
- g. Documento no que a entidade acredite que dispón dos seguintes medios informáticos:
- Un servidor con capacidade suficiente para o acceso simultáneo de tódolos usuarios previstos que garanta un ancho de banda da plataforma que se manteña uniforme.
  - Unha plataforma de teleformación onde se inclúan os contidos do correspondente curso acorde coas programacións establecidas no “Documento para a harmonización dos sistemas de formación dos usuarios profesionais de produtos fitosanitarios” publicado polo MAPAMA.
  - A plataforma debe reunir os seguintes requisitos: estar dotada das ferramentas básicas de xestión de contidos, comunicación, seguimento e avaliación. Disporá da capacidade suficiente para xestionar e garantir a formación do alumnado, así como a dispoñibilidade dun servizo técnico de mantemento. A plataforma soportará un rexistro dos contactos cos alumnos que xeren as distintas ferramentas, especialmente nos foros, nos que se evidencie o grao e forma da súa participación. Debe asegurar a xestión dos contidos e o seguimento e avaliación dos participantes.
  - Sistemas de comunicación:
    - Síncronas como el chat, telefonía, fax, etc.
    - Asíncronas como a mensaxería e os foros.



- Sistemas de xestión que permitan un seguimento do proceso de aprendizaxe do alumnado: control continuo dos alumnos, mediante o rexistro da asistencia (coñecer o número de accesos e o momento en que se producen), as achegas (coñecer o grao de participación dos alumnos) e os coñecementos (avaliación continua)
- Sistemas de seguridade con perfiles específicos de usuario de control e seguimento para facilitar o acceso ao servizo de control oficial que permitan realizar o seguimento das accións formativas, nos termos especificados, debéndose comunicar a ditos servizos a dirección URL de acceso ao curso, así como a chave usuario e contrasinal.
- Un rexistro informático dos contactos cos alumnos que xeren as distintas ferramentas.

#### AUTORIZACIÓN PARA IMPARTIR CURSOS NON PRESENCIAIS EN 2017

1. A resolución de autorización será ditada polo director xeral de Ordenación Forestal no prazo máximo de 6 meses.
2. As entidades que foron autorizadas para impartir cursos non presenciais durante ano 2016 quedan automaticamente autorizados para o ano 2017 naqueles niveis para os que xa tiveran homologación. A autorización destas entidades queda condicionada ao envío da solicitude, xunto ao calendario das accións formativas que levarán a cabo en 2017, indicando o número de edicións previstas e o trimestre do ano en que terán lugar, e un documento asinado polo representante da entidade onde certifique dispón dos medios informáticos precisos.

#### AVALIACIÓN DOS ALUMNOS

A plataforma de teleformación debe estar dotada de ferramentas que permitan que o alumno poida realizar diferentes autoavaliacións a medida que avanza nos contidos do curso.

Unha vez realizada a formación teórica e práctica, a entidade deberá emitir:

1. Un certificado acreditativo de que os alumnos que se presentan á proba de avaliación teñen cursado con aproveitamento, tanto a parte teórica como a parte práctica do curso de manipulador/aplicador de produtos fitosanitarios.
2. Un informe sobre o rexistro dos contactos cos alumnos que xeren as distintas ferramentas, especialmente os foros, no que se evidencie o grao e forma de participación e sobre o rexistro de horas que cada alumno estivo conectado traballando cos diferentes contidos da plataforma.



O certificado e o informe sobre as conexións do alumno, deben ser enviado xunto ao resto da documentación, cando se realice a solicitude do carné de aplicador/manipulador de produtos fitosanitarios.

Os alumnos que superen o curso, que figuren inscritos provisionalmente no Rexistro Oficial de Produtores e Operadores de medios de defensa fitosanitaria (ROPO) como usuarios profesionais e teñan pagada a correspondente taxa, terán dereito a exame.

O exame será realizado por persoal da Consellería do Medio Rural. A entidade propondrá ao Servizo de Formación Agroforestal un rango de datas para a realización do exame cando realice a comunicación previa do curso. O servizo de Formación Agroforestal comunicará á entidade a data e hora para a realización do exame así como o lugar. Tamén indicará quen será o examinador designado pola Consellería.

A entidade presentará ante o examinador a seguinte documentación:

- Certificado de que os alumnos cursaron con aproveitamento as ensinanzas correspondentes.
- Informe sobre a inscrición provisional dos alumnos no ROPO.

A proba de avaliación dos cursos de nivel básico consistirá nun test de entre 20 e 30 preguntas con tres respostas alternativas, sendo valorado cada acerto en 1 punto, restando cada dous fallos 1 punto.

A proba de avaliación dos cursos de nivel cualificado será un test de entre 25 e 40 preguntas, con 4 respostas alternativas, sendo valorado cada acerto en 1 punto, restando cada tres fallos 1 punto.

En ambos casos, a puntuación mínima para a cualificación de APTO será de polo menos un 50% das preguntas que conteña o test. Por debaixo desta cualificación, o alumno será cualificado como NON APTO.

A entidade entregará ao examinador un listado cos nomes, apelidos e DNI dos alumnos en formato dixital, nese listado debe constar o código do curso que realizou cada un dos alumnos.

O examinador remitirá ao servizo de Formación Agroforestal e á entidade formadora a acta de avaliación correspondente, onde fará constar si os alumnos son aptos ou non aptos



## COMUNICACIÓN DO INICIO DE CURSO

As entidades colaboradoras sexan autorizadas para impartir cursos de aplicador - manipulador de produtos fitosanitarios no ano 2017, deben comunicar á Dirección Xeral de Ordenación o inicio de cada unha das accións formativas.

A comunicación do inicio do curso debe realizarse, como mínimo, 10 días hábiles antes do comezo da actividade.

### Contido da comunicación previa ao inicio do curso:

A comunicación do inicio de curso debe conter os seguintes datos:

- Código do curso.
- Relación de apelidos e nomes dos alumnos que van recibir o curso e que solicitaron a súa inscrición no Rexistro Oficial de Produtores e Operadores de medios de defensa fitosanitaria (ROPO) como usuarios profesionais. A relación deberá estar ordenada alfabeticamente, e debe constar o seu DNI, data de nacemento e lugar de residencia.
- Datas e horario do curso: Debendo indicar en que datas se realizará a fase de teleformación e as datas e horario previsto para impartir as clases prácticas.
- Lugar onde se desenvolverán as clases prácticas.
- Cadro de profesorado que impartirá a acción formativa, especificando as materias que corresponden a cada un deles.
- Lugar no que desexan realizar a proba de avaliación e rango de datas nas que poderían realizala (o lugar e datas definitivos serán acordados polo servizo de Formación Agroforestal e comunicados á entidade).
- Posibles variacións do cadro de profesorado, lugar, data ou horario do curso, que se produzan con respecto á planificación autorizada para o ano 2016 ou 2017.
- Dirección de correo electrónico para comunicar posibles incidencias en relación co curso.

### Documentación que debe acompañar á comunicación previa ao inicio do curso:

Xunto á comunicación previa ao inicio do curso deberá enviarse a seguinte documentación:

1. Inscrición no ROPO dos alumnos que vaian realizar o exame, ou acreditación da entidade colaboradora na que faga constar que informou a tódolos solicitantes do curso da necesidade de estar inscritos no ROPO como usuarios profesionais. (Os alumnos só poderán realizar a proba de avaliación unha vez comprobada a súa inscrición)





2. Copia cotexada da póliza de seguros de responsabilidade civil referente ás instalacións onde se realizarán as actividades. Debera presentarse nos seguintes casos: se non foi achegada anteriormente, se foi renovada ou si a acción formativa se realiza en instalacións diferentes ás habituais.
3. Copia cotexada da póliza do seguro de accidentes e responsabilidade civil que cubra a totalidade do persoal docente e do alumnado. Deberán presentala si non se achegou anteriormente. Debe asegurar aos alumnos e aos profesores.
4. *Curriculum vitae* e copia compulsada da titulación académica do profesorado que imparte o curso, no caso de non telos presentado con anterioridade ou si existe un cambio de docente.
5. No caso de que a parte práctica do curso se desenvolva nunhas instalacións diferentes ás indicadas na solicitude de autorización do curso, deberán acreditar a dispoñibilidade das mesmas. Neste caso, ademais deberán presentar unha memoria na que se describan estas instalacións, que deben contar cos medios e equipamentos que describe o "Documento para a harmonización dos sistemas de formación dos usuarios profesionais de produtos fitosanitarios" publicado polo MAPAMA.

Santiago de Compostela, 28 de febreiro de 2017

O director xeral de Ordenación Forestal

Tomás Fernández-Couto Juanas





CURSO PONTE ENTRE O NIVEL BÁSICO E O CUALIFICADO						
MATERIAS DE FORMACIÓN	HORAS			EQUIPAMENTO NECESARIO	TITULACIÓN MATERIA	
	TEORÍA	PRÁCTICAS				
		AULA	CAMPO			
1. Pragas dos cultivos: Danos. Control de pragas. Importancia dos métodos non químicos. Medios de protección fitosanitaria.	9	1		Aula con equipo audiovisual. Material de monitoreo e seguimento de pragas	Titulación habilitante	10
2. Estratexias e técnicas para a xestión integrada de pragas. Control biolóxico e outras técnicas alternativas para o control de pragas en distintos cultivos. Principios xerais da xestión integrada de pragas. Toma de decisións en protección fitosanitaria e iniciación á avaliación comparativa. Prácticas de identificación de pragas e de organismos de control biolóxico e o seu manexo.	5	2		Aula con equipo audiovisual. Material de monitoreo e seguimento de pragas	Titulación habilitante	7
3. Producción integrada e produción ecolóxica.	4			Aula con equipo audiovisual.	Titulación habilitante	4
4. Produtos fitosanitarios: substancias activas e preparados comerciais. Elección de produtos fitosanitarios. Casos prácticos.	1	1		Aula con equipo audiovisual. Etiquetas de produtos fitosanitarios Fichas de datos de seguridade	Titulación habilitante ou rama ciencias	2
5. Perigosidade dos produtos fitosanitarios para a saúde das persoas: Concepto de alerta sanitaria. Riscos para grupos vulnerables. Vixiancia sanitaria da poboación exposta a plaguicidas.	1	1		Aula con equipo audiovisual. Equipo de primeiros auxilios	Rama sanitaria ou rama de prevención de riscos laborais	2
6. Equipos de aplicación: calibración. Prácticas de calibración de equipamentos. Riscos relacionados co uso de equipamentos de aplicación de produtos fitosanitarios.			4	Maquinaria e equipos de tratamento. Información técnica de boquillas. Equipos de regulación	Titulación habilitante ou directores ou inspectores de ITEAF	4
7. Eliminación de envases baleiros. Sistemas de xestión. Normativa.	1			Aula con equipo audiovisual.	Titulación habilitante	1
8. Rastreabilidade. Requisitos en materia de hixiene dos alimentos e dos pensos. Rexistro de pragas e de tratamentos nas explotacións agrarias. O caderno de explotación.	1	1		Aula con equipo audiovisual. Cumprimentación do caderno de explotación	Titulación habilitante	2
9. Seguridade social agraria.	1			Aula con equipo audiovisual.	Titulación habilitante	1
10. Normativa que afecta a utilización de PF: compra, transporte e almacenamento. Autorización e rexistro de produtos fitosanitarios, e medida en que afecta a súa utilización.	2			Aula con equipo audiovisual.	Titulación habilitante	2
<b>HORAS TOTAIS</b>	<b>25</b>	<b>6</b>	<b>4</b>			<b>35</b>



## TITULACIÓNS DO PERSOAL DOCENTE CUALIFICADO

### 1. RAMA AGRARIA

Titulación habilitante contemplada no artigo 13 do Real Decreto 1311/2012, de 14 de setembro, polo que se establece o marco de actuación para conseguir un uso sostible dos produtos fitosanitarios.

Directores ou Inspectores de ITEAF habilitados de acordo co establecido no Real Decreto 1702/2011, de 18 de novembro, de inspeccións periódicas dos equipos de aplicación de produtos fitosanitarios.

### 2. RAMA CIENCIAS

Licenciado ou graduado en Químicas.

Licenciado ou graduado en Bioquímica.

Licenciado ou graduado en Bioloxía.

Licenciado ou graduado en Ciencias Ambientais.

Licenciado ou graduado en Enxeñaría Química.

### 3. RAMA SANITARIA

Diplomado ou graduado en Enfermería.

Licenciado ou graduado en Medicina.

Licenciado ou graduado en Farmacia.

### 4. RAMA PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

Técnico Superior en Prevención de Riscos Laborais.

Técnico Medio en Prevención de Riscos Laborais.

Licenciados, graduados, enxeñeiros ou enxeñeiros técnicos, que acrediten estar en posesión dun máster ou curso de postgrao en *Prevención de Riscos Laborais*.